

CARS 3

[Brian Fee, 2017]

263

ESTREA EN NUMAX: 21.07.2017 | V.O.S.E. | TODOS OS PÚBLICOS

Cars 3 (2017, 109')

Dirección: Brian Fee

Guión: Kiel Murray, Bob Peterson, Mike Rich (Historia: Brian Fee, Ben Queen, Eyal Podell, Jonathon E. Stewart)

Voces: Owen Wilson, Cristela Alonzo, Chris Cooper, Nathan Fillion, Larry the Cable Guy, Armie Hammer, Ray Magliozzi, Tony Shalhoub

Son: Brian Chumney

Montaxe: Jason Hudak

Fotografía: Jeremy Lasky

Dirección de arte: Rejean Bourdages

Música: Randy Newman

Produtoras: Pixar Animation Studios, Walt Disney Pictures (Estados Unidos)

Distribuidora: Walt Disney Studios Motion Picture Spain

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Inglés

«A mellor entrega da franquicia. Un potente personaxe feminino e temas máis intelixentes fan deste capítulo unha benvida sorpresa»

Eric Kohn, INDIEWIRE

Sorprendido por unha nova xeración de corredores ultrarrápidos, o lendario Raio McQueen queda relegado repentinamente do deporte que tanto ama. Para retomar a súa carreira, vai precisar a axuda dunha moza mecánica de carreiras, Cruz Ramírez, que ten o seu propio plan para gañar, ademais da inspiración do falecido Fabuloso Hudson Hornet e un par de xiros inesperados. E para probar que o nº95 non está nin moito menos acabado, o campión terá que poñer a proba a súa valía no gran circuíto da Copa Piston!

LOU

Antes do filme proxectarase esta curtametraxe da Pixar dirixida por Dave Mullins



“Os personaxes de *Cars* son como unha familia para min”

Entrevista con Brian Fee
Por Ethan Anderton

Na maioría das ocasións na Pixar un director traballa nalgunha curta antes de dirixir unha longa. Como foi que con *Cars 3* te estreaches na dirección directamente na longametraxe? É

unha boa pregunta e probabelmente non é polo que pensas. Ben, tampouco sei o que pensar. Si, nunca dirixira nada. Mais traballei con John [Lasseter] man a man, e tamén con Andrew Stanton en *Wall•E* (2008). Tamén traballei canda John nos dous primeiros filmes da saga *Cars* e atopábame xa no inicio do proxecto nesta terceira parte. Un día petáronme no ombreiro e dixéronme que John quería verme. Fun á súa oficina sen ter nin idea de que ía o asunto. «Vas dirixir *Cars 3*», espetoume. Ed Catmull [presidente de Pixar e dos Walt Disney Animation Studios] estaba sentando canda el: «como podes ver non cho estamos preguntando, sabémolo» [risas].

Foi incríbel pois sentíame totalmente honrado de que confiasen en min nesta historia e de poder dar continuidade á franquicia, mais tamén estaba aterrorizado porque nunca dirixira nada. Observara a outros directores de preto e sabían que é un traballo duro. Sempre é

un traballo duro, non importa o número de filmes que teñas feito, así que canto máis cando nin sequera sabes como se fai... Tiven que aprender. Así que me excusei dez minutos, fun a un cuarto baleiro peguei un bo berro e púxenme a traballar. O primeiro que fixen foi concertar unha cita cos demais directores da saga para tentar aprender e asimilar todos os consellos que me podían dar, empezando por John. É o primeiro ao que acudín.

Ao ter traballo nos dous filmes anteriores de *Cars* sabían que tiñas a suficiente paixón pola franquicia como para darlle continuidade? Esa

pregunta deberas facerlla a John, mais quero pensar que el soubo recoñecer o meu traballo, a pesar de non ter coñecementos como director. Desde logo sabía canto quero a estes personaxes, que son como unha familia para min, e o conectado que estou coa historia que tiñamos entre mans.

Dado que este foi o teu primeiro filme, que lección sacaches de todo este proceso? O máis duro segue a

ser imaxinar unha historia, pois é algo que non se pode aprender. Mais tiña as miñas ferramentas dado que proviña do departamento de guión e sabía que era unha cuestión de tempo e de rodearme das persoas axeitadas. É unha lección que aprendín de Andrew Stanton, que un día sentou onda min e díxome: «o teu traballo non é ter todas as respostas, senón ter un bo equipo para que che dea as respostas axeitadas, ese é o teu traballo». Esa é unha gran lección que tirei de Andrew.

O meu traballo non é facer o seu labor senón inspiralos.

Pete Doctor, director de *Monstruos S.A.* (2001), *Up* (2009) e *Del revés (Inside Out)* (2015) deume un marabilloso consello: «se ollas calquera dos nosos filmes con microscopio e tentas pensar neles dun xeito lóxico non teñen ningún sentido. Mais se tentas levar o público a unha viaxe de emocións e sentimentos, eles hante seguir». Iso foi marabilloso. Basicamene estábame a dicir que non lle dera demasiadas voltas ás cousas. Foi un gran consello.

O caso é que tampouco sabía nada de produción. Non sabía nada sobre a dirección dos animadores. Non sabía nada de iluminación. Non sabía nada sobre a dirección do departamento de arte. Mais realmente pensaba que non ía dar moito traballo pois os encargados de cada departamento eran grandes profesionais. Son tan bos, auténticos expertos. O meu traballo foi asegurarme de que souberan o que precisaba a historia e que en cada paso que deran se preguntasen unha cousa: esta isto axudándonos a contar a nosa historia? Se cada un dos avances axudaba a contala xenial. Se non era así mirabamos o por que e dabámoslle unha volta. Realmente cando penso no proceso completo nestes termos penso que foi un proceso sinxelo.

Publicado en www.slashfilm.com/
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Del revés (Inside Out). Disney [BluRay & DVD]

Brave (Indomable). Disney [BluRay]

Wall•E, Andrew Stanton. Disney [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

ABONATE

E consegue máis vantaxes.
Infórmate en www.numax.org

NUMAX